

Libro de actividades



As Terras Comunitarias ***O Monte Veciñal en Man Común***

son
de
monte



RESUMO GUÍA DIDÁCTICA

Con esta Guía pretendemos que a comunidade educativa e a poboación en xeral considere as **TERRAS COMUNITARIAS** como unha fonte de valores, onde os **Montes Veciñais en Man Común-MVMC** son todo un referente vivo que compre respectar e protexer porque forma parte do Patrimonio Inmaterial.

Entre os valores que podemos extraer e a considerar pola cidadanía están:

COMPARTIR. Porque comparten e xestionan un territorio, que non se pode dividir, nin vender nin embargar. que sempre pervivirá mentras exista a veciñanza.
Ensinar a compartir.



ASEMBLEA. Porque deciden en ASEMBLEA. Celebran como mínimo unha cada ano para analizar os resultados, propoñer actuacións, aprobar as contas, os orzamentos, actividades....

DEMOCRACIA. Resolven co debate na procura do consenso ou votando, aprobándose por maiorías, esixen en moitos casos unha alta participación e “quórum” (número mínimo de asistentes). Proceso moi diferente dos demais colectivos que valen os acordos só cos asistentes.



DEBATE sobre propostas para ese Monte Veciñal en Man Común. A opinión de todos e todas interesa.

SE ESTES VALORES OS TRASLADAMOS A NOSA VIDA DIARIA TERIAMOS UNHA SOCIEDADE MÁIS PARTICIPATIVA, MÁIS XUSTA E MAIS SOLIDARIA.

ACTIVIDADES

Para realizar na aula

SIMULACIÓN de asemblea dunha Comunidade de Montes.

SIMULACIÓN de elección dunha Xunta Directiva.

DEBATE sobre propostas para o Monte Veciñal en Man Común.

XESTIÓN das votacións e o consenso.

ENSAIAMOS a importancia da votación democrática nas tomas de decisións.



ACTIVIDADES

Para realizar no monte

Analizar o territorio, como está configurado, que podemos observar.?

Avaliar a Paisaxe. Que influencia ten como efecto visual? Como é o paso das estacións?.

Identificar Especies. Cales podemos recoñecer?. Vexetaís. Fungos. Animais. Formacións rochosas singulares.....

Patrimonio Cultural. Identificar. Avaliar

Patrimonio Natural. Espazos protexidos. Especies protexidas. Enclaves Naturais Especiais.

Visitar muíños, levadas, presas de regadío...lembrar que tamén son, ou foron, formas comunitarias de xestión.



LEMBRANZAS NECESARIAS

A todas aquelas persoas veciñas do rural que o longo de séculos loitaron contra os intentos de usurpación e roubo dos Montes Veciñais en Man Común, deixando a súa sangue en moitos casos.

O período mais recente no século XX, dende 1940 ata 1980, con esas terras incautadas pola ditadura de Francisco Franco, sendo unha fonte de conflitos permanente.

A Coordinadora de Montes de Pontevedra, a finais dos anos 70 impulsando a devolución dos Montes Veciñais en Man Común da Galiza.

O I Congreso Galego de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común celebrado en Poio-Pontevedra no 1997, que dera lugar o nacemento da Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común e seguintes congresos ata hoxe.



BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez, A. 1993. Os incendios forestais. Ed. Xerais.
- Balboa, X. 2007. O MONTE EN GALICIA. Edición Xerais.
- Bica, A. 2010. BALDIOS :QUADRO HISTÓRICO E LEGAL. S. Pedro do Sul : Empresa Jornalística da Gazeta da Beira.
- Blanco, A.; García, A.; Valdés, B; Paz, T. 2017. O MONTE GALEGO :CAOS OU APROVEITAMENTO MULTIFUNCIONAL. Sermos Galiza, S. A.
- Bouhier, A. 2001. Galicia, ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario. Santiago de Compostela: Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. Ballester-Ros, I. 1974. Algunas características de la estructura agraria de España. Revista de Estudios de la Vida Local (Madrid),181.
- Cavana, A.; García, A. I.; Pérez, M.M. 2011. EL MONTE COMUNAL COMO FACTOR DE DESARROLLO RURAL. DOCUMENTOS DE TRABAJO. Centro de Estudios sobre la Despoblación y Desarrollo de Áreas Rurales CEDDAR: DT 35 (2011-2).
- Copena, D. 2018. MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN E BALDIOS: UNHA ANÁLISE COMPARATIVA DAS PROPIEDADES COMUNITARIAS DE GALICIA E PORTUGAL. SÉMATA, Ciencias Sociais e Humanidades, 2018, vol. 30: 85-104. <http://revolta.usc.gal/wp-content/uploads/2019/01/Montes-Vecin%CC%83ais-en-Man-Comu%CC%81n-e-Baldios-Unha-ana%CC%81lise-comparativa-das-propiedades-comunitarias-de-Galicia-e-Portugal-ilovepdf-compressed.pdf>
- CIES. 1979. O MONTE E NOSO. Editorial Galaxia.
- Díaz, A. 1999. MONTES VECINALES EN MANO COMÚN. Editorial Bosch.
- Escaríz, C. 2016. Los montes vecinales en mano común: una titularidad especial. <https://www.calixtoescariz.com/blog/montes-vecinales-mano-comun/>
- Freire, A. 2016. EL USO DE LOS MONTES VECINALES EN MANO COMÚN GALLEGOS. El antes y después de su devolución a las comunidades vecinales. Estudios Rurales, Vol 6, N° 11.
- Gómez, M. 2000. FUNCIONES ECOLÓXICO-AMBIENTAIS DO MONTE EN GALICIA: UNHA PERSPECTIVA ECONÓMICA. Deputación de Pontevedra.
- Gomes, A. 1958. QUANDO OS LOVOS UIVAM. Ed. Betrand. Portugal.
- Grupo dos comuns. 2006. OS MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN. Edicións Xerais.

- IDEGA. 2013. LA POLÍTICA FORESTAL GALLEGA EN LOS MONTES VECINALES EN MANO COMÚN. Ambienta. <https://www.usc.gal/ecoagra/arquivos/2013-artigo-GEPC-La-pol%c3%adtica-forestal-gallega-en-los-MVMC-rev-Ambienta.pdf>.
- IDEGA. 2006. OS MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN: O PATRIMONIO SILENTE NATUREZA, ECONOMÍA, IDENTIDADE E DEMOCRACIA NA GALICIA RURAL. Ed. Xerais.
- Miramontes, A. 2011. A HISTORIA FORESTAL DE GALICIA Edicións Lostrego.
- Montiel, C. 2003. ORIGEN Y EVOLUCIÓN DE LA PROPIEDAD FORESTAL COLECTIVA EN ESPAÑA. Cuad. Soc. Esp. Vien. For. 16: 285-290.
- Ostrom, E. 2000. EL GOBIERNO DE LOS BIENES COMUNES. Fondo de Cultura Económica. http://base.socioeco.org/docs/el_gobierno_de_los_bienes_comunes.pdf
- Pérez, X. 2009. HISTORIA CONTEMPORÁNEA DA DESTRUCCIÓN DA NATUREZA. A nosa terra.
- Pérez, X. 2004. AS BIOINVASIÓNS NA GALIZA. A nosa terra.
- Pereira, D.; Magariños, A.; Molina, J. e Estevez, F. 1999. O MONTE COMUNAL NA GALIZA CONTEMPORANEA: UNHA HISTORIA DE RESISTENCIA. Fouce - SLG-
- Pereira, P. 2021. O MONTE VECIÑAL, UNHA FIGURA DE PROTECCIÓN EN SI MESMO. Nos Diario. <https://www.nosdiario.gal/opinion/xose-alfredo-pereira-martinez/monte-vecinal-figura-proteccion-mesmo/20211228164556134766.html>
- Quintero, S. 2006. LA CLASIFICACIÓN DE LOS MONTES VECINALES EN MANO COMÚN Y OTRAS CUESTIONES CONEXAS. RealAcademia Gallega de Jurisprudencia y Legislación. Discurso leído el día 29 de septiembre de 2006 en la Solemne Sesión de Ingreso. <https://ragjyl.gal/wp-content/uploads/2016/12/Libro-Seraf--n-Quinteiro..definitivopdf.pdf>
- Raposo, J.J. 1996. REGIMEN JURÍDICO DE LOS MONTES VECINALES EN MANO COMÚN EN EL MARCO DE LA PROPIEDAD FORESTAL. Universidade da Coruña. https://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/13875/RaposoArceo_JuanJesus_TD_1996_01de2.pdf
- Ribeiro, A. 1958. QUANDO OS LOVOS UIVAM. Portugal.
- Rico, E. 1995. POLÍTICA FORESTAL E REPOBOACIÓN EN GALICIA-1941-1971. Santiago de Compostela, España : Universidade, Servicio de Publicaciones e Intercambio Científico.
- Rodrigues, M. 1987. OS BALDIOS. Editorial Caminho.



- Ruza. 1978. PROBLEMÁTICA DE LOS MONTES VECINALES EN GALICIA. Revista de Economía Política, nº 79. <http://www.cepc.gob.es/sites/default/files/2021-12/31859recp079185.pdf>
- Senen, F. 1999. OS PRIMEIROS GALEGOS: PREHISTORIA E ARQUEOLOXIA. Editorial Lea.
- Suárez, R e Soto, D. 2018. TRANSICIÓN SOCIO-ECOLÓGICA Y CAMBIO INSTITUCIONAL EN LOS COMUNALES. EL CASO DE LOS MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE GALICIA DESDE LA DÉCADA DE LOS SESENTA. XVI Congreso de Historia Agraria, SEHA.
- Valera, R. 2020. EUCALIPTOS E O FORESTAL ARBORADO. Fundación Galiza semrpe/Ideas impresas. <http://www.galizasempre.org/wp-content/uploads/2020/12/Eucaliptos-e-o-forestal-arborado.pdf>

Biblioteca dixital

Xunta de Galicia. MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN <https://ovmediorural.xunta.gal/es/consultas-publicas/montes-vecinales-en-man-comun>

<https://barbanzaecosocial.org/2020/05/18/breve-historia-de-los-montes-vecinales-la-resistencia-del-comun-de-los-vecinos/>

<https://www.campogalego.es/diagnostico-al-monte-vecinal-gallego-dos-mundos-el-atlantico-y-el-interior/>

<http://www.orgaccmm.gal/>

<https://www.encuentroescuelasunesco.es/wp-content/uploads/2019/06/Montes-Comunales.pdf>

<https://www.yumpu.com/pt/document/read/14494395/descargar-pdf-comunidade-de-montes-de-candean>

AVALIACIÓN

A continuación recóllese un formulario complementario para a avaliación.

Trala presentación da **Guía Didáctica** sobre *As Terras Comunitarias: O Monte Veciñal en Man Común*, pretendemos completar a mesma cunha participación activa dos alumnos e alumnas.

Para isto, aportamos 32 preguntas sobre o tratado na Guía Didáctica, co obxecto de que o/a alumno/a, dunha forma sinxela, conteste marcando a resposta que considere correcta, entre tres posibles opcións.

Non se pretende que o/a alumno/a asuma una asignatura reglada, senón que fiquen con aquelas ideas máis básicas para a comprensión desta realidade social e que alomenos saiba identificar o que representa a propiedade comunitaria en Galiza.

Riscar a resposta correcta.



1.- Que é unha propiedade?

- A) Aquelo que compramos.
- B) O que usa unha persoa.
- C) O que ten propietario/a.

2.- Cantas clases de propiedade coñeces?

- A) Unha.
- B) Dúas.
- C) Tres.

3.- Que é unha propiedade privada particular?

- A) A que corresponde a unha persoa.
- B) A que corresponde a unha familia.
- C) A que é diferente ás demais.

4.- Que é unha propiedade comunitaria?:

- A) A que é de moitos propietarios particulares.
- B) Unha propiedade en común dun número de persoas con normas.
- C) Un terreno compartido por toda a veciñanza do concello.

5.- Que é unha propiedade pública?:

- A) Aquela a que asiste o público.
- B) Onde se celebran actos para todo os públicos.
- C) É unha propiedade da administración pública.

6.- Como se chama o monte de varias persoas dun lugar ou parroquia?:

- A) Cooperativa en Man Común.
- B) Sociedade en Man Común.
- C) Veciñal en Man Común.

7.- Dende cando existen os Montes Veciñais en Man Común?:

- A) 50 anos.
- B) 200 anos.
- C) Poden ser varios centos de anos.

8.- Que quere decir: “..dende tempo inmemorial”?:

- A) Que fai bastante tempo.
- B) Non temos documentos históricos de cando escomenzou.
- C) Que é moi difícil de memorizar.



9.- Que reino foi o que defendeu a propiedade comunitaria?:

- A) Romano.
- B) Suevo.
- C) Cristiá.

10.- Con que territorio teñen semellanza os Montes Veciñais en Man Común?:

- A) Francia.
- B) Africa.
- C) Portugal.

11.- Como se chaman os Montes Veciñais en Man Común en Portugal?:

- A) Libres.
- B) Bravos.
- C) Baldíos.

12.- Como se chama en Galiza cada propietario/a do monte veciñal en man común?:

- A) Socio/a.
- B) Accionista.
- C) Comuneiro/a.

13.- Como se chama en Portugal cada propietario/a dos montes baldíos?:

- A) Veciño/veciña.
- B) Comparte.
- C) Lindante.



14.- Como toman acordos os/as propietarios/as de Montes Veciñais en Man Común?:

- A) Enviando por correo o voto.
- B) Nas mesas electorais.
- C) En reunións ou asembleas.

15.- Que poden decidir os/ propietarios/as de Montes Veciñais en Man Común?:

- A) Vender o monte mediante puxa.
- B) Organizar os traballos que necesiten.
- C) Pechar o monte.

16.- Que uso tivo importancia no pasado dos Montes Veciñais en Man Común?:

- A) Minería.
- B) Gandeiría.
- C) Fauna silvestre protexida.

17.- Como se chama o conxunto dos comuneiros e comuneiras dun lugar ou parroquia?:

- A) Xunta Directiva.
- B) Comunidade de Montes.
- C) Propietarios/as.

18.- Os Montes Veciñais en Man Común:

- A) Pódense dividir en parcelas.
- B) Pódense regalar.
- C) Son indivisibles.

19.- Os Montes Veciñais en Man Común poden:

- A) Ser embargados pola Axencia Tributaria.
- B) Ser usurpados polo Estado.
- C) Non se poden embargar.

20.- Podense facer urbanizacións nos Montes Veciñais en Man Común?:

- A) Si, con permisos.
- B) Non se pode.
- C) As que decidan en asemblea.

21.- Os Montes Veciñais en Man Común:

- A) Fixan carbono.
- B) Teñen moita leña.
- C) Consumen moito osixeno.

22.- Nos Montes Veciñais en Man Común:

- A) Non se pode pasear sen permiso.
- B) Podes desfrutar del con respecto.
- C) Podes coller os kilos de castañas ou froitos que queiras.



23.- Os Montes Veciñais en Man Común:

- A) Os donos e donas poden facer o que queiran.
- B) Non teñen leises nin normas.
- C) Teñen que rexirse pola normativa vixente.

24.- Os Montes Veciñais en Man Común:

- A) Son un perigo para os incendios forestais.
- B) Teñen incendios si lles prenden lume.
- C) Nunca arden porque son como xardíns.

25.- Nos Montes Veciñais en Man Común:

- A) As arbores enferman con frecuencia.
- B) As arbores sempre están sanas e vigorosas.
- C) Poden ter plagas e enfermidades.

26.- Os titulares dos Montes Veciñais en Man Común:

- A) Deberían ter unha formación básica.
- B) Non necesitan formación.
- C) A formación a teñen os técnicos/as.

27.- Os Montes Veciñais en Man Común

- A) Necesitan ser coñecidos.
- B) Non teñen interese.
- C) So interesan os veciños/as que cobran.

28.- Os Montes Veciñais en Man Común:

- A) Son unha escola o aire libre.
- B) Non ensinan nada.
- C) Quedan moi lonxe.



29.- Os Montes Veciñais en Man Común:

- A) Necesitan xornadas de divulgación.
- B) Son moi coñecidos.
- C) É unha cousa antiga.

30.- Os Montes Veciñais en Man Común

- A) Agochan moito patrimonio
- B) Non interesan para a cultura
- C) So teñen árbores e matogueiras.

31.- Os Montes Veciñais en Man Común:

- A) Deberían de achegarse os centros de ensino
- B) Os mozos e mozas non teñen por que coñecerlos
- C) Xa teñen moitas asignaturas.


32.- As Comunidades de Montes Veciñais en Man Común:

- A) Non son un exemplo a ter en conta
- B) Son modelo de autoritarismo
- C) Son escolas de democracia e participación

Formulario de avaliación: respostas correctas.

Nº pregunta/Resposta

- | | |
|---|--|
| 1.- C) O que ten propietario/a. | 18.- C) Son indivisibles. |
| 2.- C) Tres. | 19.- C) Non se poden embargar. |
| 3.- A) A que corresponde a unha persoa. | 20.- B) Non se pode. |
| 4.- B) Unha propiedade en común dun número de persoas con normas. | 21.- A) Fixan carbono. |
| 5.- C) É unha propiedade da administración pública. | 22.- B) Podes desfrutar del con respecto. |
| 6.- C) Veciñal en Man Común. | 23.- C) Teñen que rexirse pola normativa vixente, |
| 7.- C) Poden ser varios centos de anos. | 24.- B) Teñen incendios si lles prenden lume. |
| 8.- B) Non temos documentos históricos de cando escomenzou. | 25.- C) Poden ter plagas e enfermidades. |
| 9.- B) Suevo. | 26.- A) Deberían ter unha formación básica. |
| 10.- C) Portugal | 27.- A) Necesitan ser coñecidos. |
| 11.- C) Baldíos | 28.- A) Son unha escola o aire libre. |
| 12.- C) Comuneiro/a | 29.- A) Necesitan xornadas de divulgación. |
| 13.- B) Comparte | 30.- A) Agochan moito patrimonio |
| 14.- C) En reunións ou asembleas. | 31.- A) Deberían de achegarse os centros de ensino |
| 15.- B) Organizar os traballos que necesiten. | 32.- C) Son escolas de democracia e participación |
| 16.- B) Gandeiría. | |
| 17.- B) Comunidade de Montes. | |





*“Se queres chegar rápido camiña só.
Se queres chegar lonxe camiña en grupo”.*

Proverbio africano.

